



CADERNO DE HISTORIA ANTIGA


IES EDUARDO PONDAL.DTO DE CLÁSICAS

CULTURA CLÁSICA



Alumn@:

MAPA DA ANTIGA GRECIA



GRECIA

1. IDADE DO BRONCE. PERÍODO MICÉNICO OU AQUEO: S. XIX-XII a.C

- **Cultura minoica (1.900-1.600 a. C)** en Creta. Toma o seu nome do lendario rei Minos, que mandara construír un labirinto para encerrar nel ó Minotauro, monstro humano con cabeza de touro. É unha **civilización brillante que habita en torno ós grandes palacios**, dos que o máis importante é o de Cnossos.

O seu sistema administrativo quedou reflectido nas taboíñas minoicas, escritas nun silabario chamado lineal A, que aínda que está sen descifrar sábese que a lingua non é grega. Os minoicos **manteñen relacións comerciais con Oriente e Exipto**, polo que reciben as súas influencias culturais.

A civilización minoica destaca pola calidade das súas manifestacións artísticas: os frescos que decoraban as paredes dos palacios, ídolos, a cerámica, a ourivería... Nas Illas Cicladas dende o 3.000 a. C. desenvólvese a Cultura cicládica, claramente influída pola minoica.

Cara o 1.450 a. c. prodúcese a destrución dos palacios por terremotos producidos pola erupción do volcán da illa de Santorini.





Palacio de Cnossos
(Iraklion, Creta)



Máscara Agamenón.
Micenas 1.200 a.C.

- **Cultura micénica (1.600-1.200 a. C)** no Peloponeso e con capital en Micenas. Os micénicos eran pobos indoeuropeos e ó invadir Grecia asimilaron a cultura minoica. Dos minoicos aprenderon o seu sistema de escritura, polo que nesta época temos primeiros documentos escritos en lingua grega: as taboíñas micénicas en lineal B, que conteñen a contabilidade dos palacios. Os micénicos controlan as rutas comerciais do mar Negro e viven tamén da caza e piratería.



Porta dos leóns
Micenas

A sociedade micénica era unha sociedade guerreira moi xerarquizada: ao seu fronte está un rei supremo ou anax. A finais desta época tivo lugar a **Guerra de Troia**, na que os **aqueos** (= gregos micénicos) acabaron vencendo ós troianos e destruíndo a súa cidade. Isto provoca o desgaste da cultura micénica. No eido **cultural** xurde a épica oral, é dicir, poemas que relatan grandes fazañas como a guerra de Troia e que son transmitidos de xeración en xeración a traveso de poetas profesionais (aedos).



Taboíña micénica

2. ÉPOCA ESCURA: S. XI- IX a. C.- IDADE DE FERRO



- **Invasións dorias (1.100-1.000 a. C):** Os dorios, pobo guerreiro que tamén proviña de centroeuroa, invaden a Península Helénica destruíndo fortalezas e palacios micénicos. Aséntanse principalmente no Peloponeso. A súa superioridade militar débese o coñecemento do ferro. Os dorios establécense en cidades estado independentes: *polis*. Non asimilan o sistema de escritura micénico, polo que desapareceu a documentación escrita (de aí o nome de "Época Escura")



Fortaleza dórica de Lató.
Grecia, 1.100 a. C.

Moscóforo
(Influencia oriental)

Kore, exvoto feminino

Partenón, templo
dedicado a Atenea

3. ÉPOCA ARCAICA: S. VIII-VI a. C.

- **Contactos con oriente, Influencia oriental:** cara o ano 800 os gregos contactan cos fenicios e adoptan e adaptan o seu alfabeto ⇒ **reaparición da escritura.**


- No plano **cultural** aparecen as primeiras testemuñas literarias: *Ilíada e Odisea*, poemas épicos de Homero, e xurde a filosofía en Asia Menor (Heráclito, Parménides, Tales de Mileto, Pitágoras...)

- **Estabilízase a polis:** cidade estado independente con leis propias. Nun principio son gobernadas por monarquías (un rei), e logo por oligarquías (=minorías) de grandes propietarios ou «aristoi» («os mellores», os nobres). O poder e a terra concéntranse en mans duns poucos, polo que se producen **tensións sociais e crises económicas** ⇒

- **Reformas políticas:** Aparecen as primeiras leis escritas, iguais para todos, e iníciase reformas que conducirán ó establecemento da democracia nalgúns polis, como **Atenas**. Noutras polis, como **Esparta**, domina unha oligarquía.

- **Colonización grega polo Mediterráneo Occidental:** A escaseza de terras obriga a buscar outros recursos, polo que os gregos fundan colonias en Sicilia, Magna Grecia, Galia (=Francia) e Península Ibérica coas que manteñen un intenso comercio

- **O comercio e o colonialismo** producen un desenvolvemento económico en moitas polis gregas. As novas clases sociais que se enriquecen reclaman reformas sociais que lles permitan participar máis do poder político.



4. ÉPOCA CLÁSICA: s. V- IV a. C.

- **Guerras Médicas ou Persas (490-474 a. C.):** Os persas intentan invadir Grecia, pero son derrotados polos gregos, que se unen na loita capitaneados por Atenas.

- Dúas polis gregas pasan a un primeiro plano:

- **Esparta: estado totalitario fortemente militarizado.**

- **Goberna unha oligarquía:** dous reis asesorados por un consello de anciáns (*xerúsia*) e controlados por cinco funcionarios (os éforos). Os cidadáns en asemblea (apella) son consultados, pero non teñen poder de decisión.

- **Educación militar** a cargo do estado, baseada na forma de vida austera e a entrega incondicional á patria.

- **Clases sociais:** Espartiatas (cidadáns espartanos con dereitos), periecos (estranceiros) e hilotas (servos)

- **Atenas: reformas democráticas de Pericles** que aumenta as competencias da asemblea, converténdose no máximo órgano político. A súa organización política é a seguinte:

- **A Asemblea (ekklesía)** formada por tódolos cidadáns: vota e aproba leis, declara a paz ou a guerra e decreta desterros (ostracismo)

- **Consello (Boulé):** formado por 500 membros elixidos por sorteo por un ano. Deliberan sobre os asuntos xerais que decidirá a asemblea, pre-

paran as leis e aconsellan á *ekklesia* e levan a cabo as súas decisións.
- Maxistrados: 10 arcontes, elixidos por sorteo entre os membros da asemblea e levan a cabo as súas decisións. 10 *estrategos* elixidos por votación (e podían ser reelixidos) para dirixir o exército e a política exterior e interior.

- Crases sociais: cidadáns (varóns, maiores de 21, libres, fillos de pai e nai atenienses, con todos os dereitos políticos), metecos (estranxeiros) e escravos.

- Prodúcese auxe económico que produce un **florecedemento cultural** en tódalas artes: Construción dos edificios da Acrópole, grandes literatos como Esquilo, Sófocles e Eurípides (traxedia); Aristófanes (comedia); Sócrates, Platón e Aristóteles (filosofía); Heródoto, Tucídides, Xenofonte (historia), Demóstenes (oratoria ou arte de falar en público).

- Créase a **Liga Délica ou Confederación Ateniense** para defenderse dos posibles ataques persas. Esta alianza convertese nunha forma de imperialismo ateniense, obrigando ás polis a integrarse, castigando desertións e poñendo bases militares de vixilancia. Así conséguese seguridade na navegación e comercio e o dominio do mar (talasocracia ateniense) ⇒ **Hexemonía ateniense**. Pero a política imperialista de Atenas choca cos intereses de Esparta polo que chegan ao enfrontamento.

- Guerra do Peloponeso: Esparta contra Atenas (430- 404 a. C.) Foi a guerra máis longa e dura sufrida polos gregos. Vence Esparta, polo que se produce o **fin do imperio ateniense** e os espartanos promoven gobernos oligárquicos en toda a Hélade. As polis quedan debilitadas, polo que a hexemonía pasa a outras polis como Tebas. Máis tarde, Filipo de Macedonia aproveita para invadir as poleis gregas e controlar toda Grecia (338 a. C.).



- Aparece **Alexandre Magno** que, seguindo a política do seu pai Filipo, mantivo o control de Grecia aplastando as últimas sublevacións das poleis, e conseguiu un grande imperio en Oriente ao conquistar o Imperio Persa (chegou ata a India) e dominando o Norte de África. Coa súa morte no 323 a. C. comeza unha nova época


5. ÉPOCA HELENÍSTICA: s.III - I a. C.

- Os sucesores de Alexandre repártense o Imperio, que quedou dividido en grandes reinos, gobernados por monarquías absolutas (rei con tódolos poderes).

- A **civilización grega estendeuse a zonas moi amplas**: Exipto, Persia, Asia Menor, Babilonia...e mesturouse coas culturas orientais dando lugar á época helenística. A lingua oficial dos reinos helenísticos é o grego.

- Atenas deixa de ser o centro cultural e destacan ademais Alexandría, Pérgamo, Antioquía, Éfeso e Rodas. Desenvólvese unha **gran actividade intelectual e científica**, créanse bibliotecas, museos, ximnasios e teatros.

- Grecia sofre unha clara decadencia económica e ruína. Esta situación é aproveitada polo Imperio Romano, que domina a Grecia no s.II a. C.



Ágora de Atenas, centro da vida política e social




Platón e os seus discípulos



Alexandre Magno



Neno a cabalo,
época helenística



Loba do Capitolio



Os esposos de Cerveteri
Sarcófago etrusco



Cicerón acusando a
Catilina no Senado
Romano, de C. Maracci




Mapa dos reinos
helenísticos, gobernados
polos sucesores de
Alexandre Magno

ROMA

1. MONARQUÍA: S.VIII - VI a. C

Os primeiros romanos eran campesiños. O seu territorio estaba formado pola propia cidade de Roma e as terras de cultivo que a rodeaban. No resto de Italia vivían outras moitas tribos. Pouco a pouco os romanos fóronse apoderando da península itálica, primeiro, e máis tarde de moitos territorios arredor do Mediterráneo (Mare Nostrum) chegando a formar un dos imperios máis grandes da Historia.

- Fundación mítica de Roma ás beiras do río Tíber, rodeada por sete outerios, por Rómulo (753 a. C.), fillo de Marte
- **Forma de goberno:** Monarquía, gobernan 7 reis lendarios.
- Influencia da cultura Etrusca: brillante civilización que domina Roma e a converte en cidade. Os últimos tres reis do período monárquico son Etruscos.



2. REPÚBLICA: s.V - I a. C.

- Os abusos do derradeiro rei etrusco, Tarquinio o Soberbio, provocaron unha sublevación do pobo e o poder pasou ás familias nobres romanas, constituíndose unha República aristocrática.

- **Forma de goberno:** República, gobernan o Senado e o Pobo Romano. (Senatus Populusque Romanus = S. P. Q. R.)

- **Os maxistrados:** funcionarios elixidos polo pobo que gobernaban por un ano de forma colexiada (en conxunto, para evitar abusos). Os cargos denominábanse «honores», xa que os que os desempeñaban non recibían soldo. Para facer carreira política debíase empezar polo cargo máis baixo, facendo o «cursus honorum» ata chegar ó máis alto: os **cónsules** que presidían (os dous) a República Romana e eran comandantes do exército.
- **O Senado**, 300 membros antigos maxistrados, era o principal órgano de goberno. Promulgaba decretos ou leis, e podía derrogar as decisións da asemblea e decidía sobre a paz e a guerra.



- **O Pobo**, reunido en asembleas (*comitia*) elixía ós maxistrados. Ratificaban as leis e as decisións do Senado. As súas propostas debían ser aprobadas polo Senado. Entre eles recrutábase o exército.

- Crases sociais:

Patricios: nobres propietarios das terras con tódolos dereitos políticos, o "Pobo Romano"

Plebeos: pobo chan sen dereitos.

Pordúcese unha **loita de crases**, os plebeos loitarán ata conseguir igualdade de dereitos cos patricios. Tras unha "folga" no Monte Sacro conseguen as primeiras leis escritas no 450 a. C., a Lei das XII Táboas, e ter un representante, o tribuno da plebe. No s. II a. C. os plebeos poden desempeñar calquera maxistratura e formar parte do Senado.

Os **escravos** non tiñan sequera a condición de clase social. Procedían, na súa maioría, dos territorios conquistados e eran a base da man de obra en Roma. No ano 73 a. C. prodúcese unha rebelión a grande escala encabezada polo escravo tracio Espartaco, que é aplastada polo exército romano baixo as ordes de Craso.




- Expansión do poder de Roma:

- **S. III a. C.:** Roma domina o centro de Italia (o Lacio).

- **S. III e II a. C.: Guerras Púnicas:** Os romanos vencen ós cartaxineses, o que lles permite dominar case toda a península Itálica e controlar o Mediterráneo Occidental e (Sicilia, Norte de África e costa mediterránea da Península Ibérica)


- **S. II a. C.:** Roma comeza a conquistar Hispania: Cartago Nova (Cartaxena), Numancia (Soria). Divídese Hispania en Citerior e Ulterior. Roma conquista Grecia, Asia Menor e Norte de África.

- **S. I a. C.:** Roma conquista as Galias con Xulio César ó mando. Continúa a conquista de Hispania: as guerras contra ástures e cántabros requiren a presenza de Octavio Augusto, sucesor de César. Augusto divide Hispania en 3 provincias: Baetica, Tarracensis e Lusitania.



- A **cultura romana** está moi ligada á conquista e descubrimento de Grecia. Os **romanos imitan os xéneros literarios gregos**, destacando na comedia Plauto, na poesía lírica Catulo, na oratoria (arte de falar en público) Cicerón, na historia Salustio...

- **Disputas polo poder en Roma:** Tres homes intentan repartirse o poder: César, Pompeio e Craso (Triunvirato). Guerra Civil entre César e Pompeio (batallas en Roma, Hispania...). César vence e regresa a Roma enfrontándose ó Senado e noméase dictador. No 44 a. C. é asasinado por Bruto e Casio por ser considerado unha ameaza para República. Segue un período de guerras civís.



Asasinato de Xulio César nos Idus de Marzo do 44 a. C.



Reconstrucción do Foro Romano, centro da vida social e política



Octavio Augusto



Virxilio coas musas

Maqueta de Roma
no s. I d.C.Panteón, templo dedicado
a todos os deuses

3. IMPERIO: s.I a. C- s. V d. C

- Octavio, sobriño de César, puxo fin ás guerras civís despois de vencer a Marco Antonio. Octavio crea o réxime imperial: **goberna un emperador ou César con todos os poderes**, que antes detentaban os maxistrados e o senado, aínda que as institucións republicanas non son abolidas. No 27 a. C. o senado concédelle a Octavio o título de «Augusto», reservado ata entón ós deuses.

- No poder sucédense diferentes **dinastías de Césares** ou emperadores. A partir do a. 96 d. C. a sucesión é por adopción:

- Dinastía Xulio - Claudiana (14-69 D. C.): Octavio Augusto, Tiberio, Calígula, Claudio e Nerón.
- Dinastía Flavia (69-96 d. C.): Vespasiano, Tito e Domiciano.
- Dinastía dos Antoninos (S. II d. C) de orixe hispánica: Nerva, Traxano, Hadriano etc.

- **S. I d. C. Época de gran desenvolvemento cultural**, xa comezada no século anterior, tamén chamada Época Clásica ou Séculos de Ouro. Destaca Virxilio e Ovidio na poesía épica, Tito Livio e Tácito na historia, Marcial e Xuvenal na sátira, Séneca na filosofía...

- **S II d. C.: Con Traxano o Imperio Romano acada a súa máxima extensión.**

- **S. III d. C.:** Período de crises no Imperio Romano: revoltas militares, sociais, ataques dos bárbaros...que provocan unha concentración aínda maior de todos os poder nas mans do emperador: **ETAPA DO DOMINADO**


Con Diocleciano (fins s. III) Hispania divídese en: Baetica, Lusitania, Cartaginensis, Tarraconensis e Gallaecia.

- **S IV d. C.:** Reinado de Constantino o Grande. que da liberdade de culto para os cristiáns, e o cristianismo convértese rapidamente na relixión do Imperio. Crea unha nova capital: Constantinopla, no istmo de Bizancio.

- Fins do s. IV (a. 395): Teodosio implantou o cristianismo como relixión oficial do Imperio. A súa morte divide o Imperio entre os seus dous fillos: **Imperio Romano de Oriente**, con capital en Constantinopla, e **Imperio Romano de Occidente**, con capital en Roma.

- **S. V d. C.:** Caída do Imperio Romano de Occidente en poder dos bárbaros no a. 476.

- O Imperio Romano de Oriente existirá, baixo o nome de **Imperio Bizantino**, ata o 1453, ano no que Constantinopla é tomada polos Otománs (Turcos).



A PENÍNSULA IBÉRICA

1. A P. IBÉRICA ANTES DA CONQUISTA ROMANA (S. XIII, XII ... - S. II a. C.)

- **Fins do II milenio a. C. (1.200, 1.100 a. C.):** A península está ocupada por varios pobos:

- **Os iberos:** pobos mediterráneos **non indoeuropeos**, organizados en diferentes tribos (iacetanos,, ilerxetes, edetanos, bastetanos, turdetanos...) habitaban a costa mediterránea, Val do Ebro e zona de Levante en xeral. O contacto cos fenicios e gregos fixo que os iberos alcanzasen un alto grado de civilización: construíron cidades, coñeceron as técnicas da escultura (Dama de Elche) e o alfabeto.
- **Os tartesios:** pobo mediterráneo **non indoeuropeo**, que habitaba a zona do Guadalquivir. A súa civilización era avanzada: coñecían técnicas metalúrxicas (traballo dos metais) e a escritura. Eran gobernados por reis lendarios. Tamén tiveron contactos cos fenicios, que fundan nesta zona Gadir (Cádiz) no a. 1.100 a. C., e isto contribuíu ó seu desenvolvemento.
- **Os vascos:** pobo **non indoeuropeo** de orixe descoñecida. Habitaban unha zona máis ampla da que habitan hoxe: ámbolos dous lados dos Pirineos, e zona do Pirineo Aragonés.

- **Primeiro milenio a. C. (900- 200 a. C.):** Chegan á Península distintos pobos:


- **Os celtas:** pobos **indoeuropeos** que penetran polo norte e se establecen sobre todo no Val do Ebro, a meseta e Noroeste, chegándose algunhas tribos tamén ó sueste. Os pobos da área celta dividíanse en tribos (galaicos, ástures, cántabros, lusitanos, célticos...) e estaban máis atrasados culturalmente que os iberos, anque eran superiores militarmente.

Na área de Galicia, Asturias e norte de Portugal habitan en **castros**: poboados fortificados en lugares estratéxicos con cabanas de planta circular. Do contacto dos celtas cos iberos nas zonas de centro e sur da península xurdiron os **celtiberos**.

- **Os Fenicios:** pobo non indoeuropeo, procedente de Fenicia que establece **colonias** na costa sur e sueste Mediterránea: Gadir (Cádiz), Malaka (Málaga), Ebussus (Ibiza) etc. Os fenicios tiñan **intereses comerciais** con respecto á Península: negociaban co cobre, estaño e peixe en salgadeira. Para isto nas colonias establecían **factorías** pesqueiras e conserveiras.

- **Os gregos:** (indoeuropeos procedentes de Grecia, en concreto de Focea, Asia Menor). Tamén fundan **colonias** para realizar actividades comerciais: Rhode (Rosas, en Girona), Emporion (Ampuries, en Girona), Hemeroscopion (en Alacant) etc.

- **Os cartaxineses:** procedían de Cartago (Norte de África). Estableceron **colonias** como Cartago Nova (Cartagena) con intereses comerciais que máis tarde se converteron en bases militares na súa loita contra os romanos.




*Dama de Elche
escultura ibera*



*Touros de Guisando (Ávila)
escultura celta*



Moeda grega de Ampuries



Acueducto de Segovia



Teatro de Mérida

Ponte de Alcántara, sobre
o Tajo (Cáceres)Calzada romana na
Vía da PrataAnfiteatro de Itálica,
Sevilla

2. A HISPANIA ROMANA: S. II a. C. - s. V d. C.

Nun principio, os romanos chegan a península Ibérica para combater ós seus peores inimigos, os cartaxineses. A primeira cidade de Iberia conquistada por Roma é **Cartago Nova**, colonia cartaxinesa e actual Cartagena, no **209 a. C.** A victoria dos romanos contra os cartaxineses nas Guerras Púnicas (s. III, II a. C.), permite que Roma controle o Mediterráneo Occidental.

- **S. II a. C.**: Os romanos expulsan ós cartaxineses da Península e deciden conquistar o interior da península por razóns defensivas, para controlar a ameaza dos celtiberos e lusitanos. Conquistan o sur e a zona de Levante, antes ocupada polos iberos. Este territorio foi dividido en **Citerior** (= o máis achegado a Roma) e **Ulterior** (= o máis afastado). Roma atopa máis resistencia nos pobos celtiberos (conquista de Numancia) e nos lusitanos (Viriato).



- **S. I a C.**: Continúa a conquista de Hispania. Roma sofre unha Guerra Civil na que se enfrontan Xulio César e Pompeio, en Hispania ten lugar algunha destas batallas na que sae vencedor César. Octavio Augusto, sobriño e sucesor de César, **remata a conquista de Hispania** acudindo en persoa para someter ós cántabros e ástures no **25 a. C.** Augusto divide a Península en tres provincias: **Tarraconensis, Lusitania e Baetica.**



Nos **s. I e II d. C.** comeza o proceso de **romanización**, é dicir a expansión da cultura romana pola Península e a súa asimilación por parte dos pobos indíxenas. Este proceso de romanización foi moito máis forte nas zonas costeiras do este e do sur, mentres que nas rexións do norte (Asturias, Cantabria, Euskadi) a presenza romana foi moito menor. Para isto contribuíron os seguintes factores:

- O exército, que se asentou nos núcleos urbanos máis importantes, Lucus, Astúrica e Bracara, traendo consigo unha serie de xente: mulleres, artesáns, comerciantes...que se mesturan coa poboación indíxena transmitíndolle a súa lingua.

- A administración: maxistrados, sacerdotes... que ostentaban o poder. Introducen o dereito romano, base da organización social e política de occidente.

- As obras públicas, principalmente as vías de comunicación e pontes, pero tamén as murallas, faros...



No **s. III d. C.** o emperador Diocleciano dividiu a Península en 7 provincias: **Tarraconensis, Cartaginensis, Baetica, Lusitania, Gallaecia, Mauritanía Tingitana e Baleares Insulae.**



O NOROESTE PENINSULAR

1. PREHISTORIA

Paleolítico (<paleo=antigo + litos=pedra): **Idade da Pedra Tallada (2.000.000-7.000 a. C.)**

O home talla a pedra e úsaa como ferramentas: cantos tallados, bifaces, punzóns, raspadeiras... Tamén utiliza o oso para fabricar armas: azagaias, arpóns, perforadores...

Aparecen as primeiras manifestacións artísticas: **as pinturas rupestres**.

Neolítico (<neo=novo + litos= pedra): **Idade da Pedra Pulimentada (7.000 - 3.000 a. C.)**

Aparecen a **agricultura e gandería**, que ao permitir ao home asentarse nun lugar determinado, traen consigo:

- Un maior desenvolvemento técnico nas ferramentas de traballo.
- División do traballo e aparición de especialistas: ceramistas...
- Prácticas relixiosas: culto ós mortos (enterramento).

Nesta etapa aparecen os **monumentos megalíticos** (<mega= grande + litos = pedra): os túmulos(monumentos funerarios) coñecidos popularmente como mámoas, medorras, medoñas e antas.

Aparece a cerámica feita a man nos enxovais funerarios.

Calcolítico (<calco= bronce + litos= pedra) **3.000 -1.800 a. C.**

- Comézanse a **traballar os metais**: introdúcese en Galicia a metalurxia do cobre: aparecen machetas de cobre.
- Aparece o vaso campaniforme (con forma de campá invertida).

Idade do Bronce 1.800 - 700 a. C.

- Implántase en Galicia a metalurxia do bronce (cobre + estaño).
- Desenvólvense os intercambios comerciais e as actividades metalúrxicas: aparecen machetas de bronce, puntas de lanza...
- Aparecen os **petroglifos**, arte rupestre ó aire libre.

2. HISTORIA: IDADE DO FERRO A PARTIR DO 700 A. C.

A Cultura Castrexa: s. VII a. C. - s. I d. C.

Os castros son poboados ben defendidos, rodeados de murallas e situados preferentemente en zonas altas e ben protexidas. Eran os poboados característicos dos pobos indoeuropeos (celtas e outros) que se asentaron no Norte da península fundíndose coa poboación autóctona.

A **economía** castrexa era de base agrícola e gandeira, pero tamén se practicaba a caza, pesca e marisqueo.

A **sociedade** castrexa tiña unha distribución desigual da riqueza, estaba por tanto xerarquizada, pero non era excesivamente belicosa, a xulgar polo escaso número de armas achadas nos castros.

A **relixión** era politeísta, xa que aparecen moitos nomes de deuses indíxenas en inscrición galaico-romanas, e naturista (adoraban ás forzas da natureza).

Destaca como manifestación artística a **ourivería**, coa confección de xoias como os torques, pendentes, arracadas, braceiras, colgantes, amuletos... Tamén hai manifestacións escultóricas en época tardía: guerreiros, cabezas humanas ou de animais... En canto a **cerámica**, empeza a aparecer a cerámica de torno ou roda, anque predomina a feita man.



Castro de Baroña
(Porto do Son, A Coruña)



Castro de Viladonga
(Castro de Rei, Lugo)




Castro de San Tomé
(Velle, Ourense)



Castro da Graña
Toques (A Coruña)



Gargantiño do
Monte dos Mouros
Toques (A Coruña)



Torques de Burela
(Lugo)

Médulas de Carucedo
(explotación aurífera)
LeónTorre de Hercules
(A Coruña)

Muralla de Lugo



Ponte romana de Ourense




Terra sigillata

3. A DOMINACIÓN ROMANA: S. I A. C. - S. V D. C.

No a. 133 a. C. ós romanos só lles faltaba o Noroeste para dominar toda a Península Ibérica. As tropas de Décimo Xuño Bruto só conseguiran conquistar o sur da actual Galicia (episodio do río Limia).

Pero a sona de que as terras do Noroeste eran ricas en metais, principalmente estaño e ouro, e a necesidade de protexer os territorios conquistados fixeron que os romanos decidiran sometelas totalmente mediante novas expedicións que chegaron a requirir a presenza de Xulio César e Octavio Augusto.



No 19 a. C., despois de duras batallas (como a do Monte Medulio) o que hoxe é **Galicia pasou a formar parte do Imperio Romano**, dentro da *Provincia Tarraconensis*. A división de *Gallaecia* aparecerá máis tarde, no s. III d. C., en época do emperador Diocleciano. A *Gallaecia* abarcaba máis territorios que a actual Galicia: Norte de Portugal ata Braga e polo leste ata a zona de Astorga.

Despois da conquista militar tivo lugar a **Romanización**, é dicir a asimilación da cultura romana por parte dos pobos indíxenas:



- No **medio rural** a Cultura Castrexa non desaparece coa dominación romana, pero paulatinamente os castros foron sendo abandonados para pasar a habitar os vales. Houbo asentamentos, como os das explotacións mineiras, que seguiron sendo castrexos. A presenza romana nos castros conséntase pola introducción de vivendas con planta cuadrangular e adiantos técnicos, como o arado.

- Créanse outro tipo de asentamentos rurais: as *villae*, grandes mansións, propiedade de señores, que dispuñan de servos e escravos e controlaban toda a produción agrícola e gandeira da zona.

- Desenvólvese o **medio urbano**: En época de Augusto fúndanse cidades como *Lucus Augusti*, a partir dun campamento romano, *Asturica* e *Bracara Augusta*. As cidades pasan a ser agora os centros administrativos. Nelas os romanos constrúen edificios públicos como as termas, pontes, faros, murallas e calzadas que faciliten a comunicación con outros puntos.

- As **vivendas**, tanto rurais como urbanas, reflicten o gusto romano: exterior máis sobrio e interior máis decorado. Na decoración interior destacan os mosaicos, que adornaban os chans das casas romanas que pretendían ser refinadas.


- Na **cerámica** introducen a *terra sigillata* (< *sigillum*, selo do oleiro no fondo da vasilla). Esta era unha cerámica de luxo, de cor vermella e decoración xeométrica.



ACTIVIDADES


GRECIA- IDADE DO BRONCE

1. De onde procede o nome de cultura minoica? Cal era o modo de vida desta civilización? Sinala a súa cronoloxía.
2. Busca nun diccionario a palabra «dédalo» e explica a súa etimoloxía (=orixe)
3. De onde toma o seu nome a cultura micénica?. Que asimilou esta cultura da cultura minoica?
4. Busca na rede quen foi Heinrich Schliemann.
5. Compara estas dúas construcións e di a que civilización pertencen e porque:




6. Cal foi o conflito bélico de maior importancia na civilización micénica? Cales foron as causas históricas desta guerra e cales segundo a mitoloxía? ¿Cales das dúas che parecen a ti máis posibles e por que?

7. Sinala no teu mapa de Grecia os seguintes lugares: Creta, Cnossos, Troia, Mar Exeo, Micenas, Peloponeso, Argos, Pilos, Asia Menor, Illas Cícladas, illa de Naxos, Monte Olimpo e Helesponto (=estreito dos Dardanelos)



Inscripción de Pompeia (s.I
d. C.)





Guerreiros aqueos ou
micénicos



APIVITA




Logo da marca de
cosméticos Aпивita,
inspirado na arte minoica



8. Trata de explicar os seguintes obxectos dicindo a que cultura pertencen. Indica de que metais están feitos algúns deles, se o recordas.























GRECIA- IDADE DO FERRO

9. Por que se denomina época escura o período comprendido entre os s.XI e IX a. C.?

10. Principais características dos pobos dorios.

11. Como se chama o estilo ao que pertence esta vasilla?

12. Cal é a orixe do alfabeto grego?

13. Que sistemas de escritura había en Grecia antes do alfabeto?

14. Cantos alfabetos coñeces na actualidade? Cales deles proceden do grego?

15. Define *polis*.

16. Busca no diccionario da RAG ou da RAE derivados da palabra *polis*. (Non confundas esta raíz con *poli-*, que significa moito).

GRECIA ARCAICA

17. Define oligarquía, monarquía e aristocracia, tendo en conta o significado das seguintes raíces gregas:

oligo- : pouco

-arquía : poder

monos : un só

-cracia : goberno

aristos: o mellor, o máis nobre

18. Busca unha palabra diferente ás do exercicio 17 con cada unha das raíces anteriores, excepto *aristos*.

19. Sitúa no mapa de Grecia Atenas e Esparta.

20. Lee con atención o seguinte texto e responde ás seguintes preguntas, que están relacionadas con el:

Orixinariamente a emigración está relacionada coa falta de terras aptas para o cultivo, que estaban na súa maior parte en mans da aristocracia terratenente.

Os pequenos agricultores, ao arruinárense (...) víanse forzados a se trasladar a outras partes. Debido a isto, as colonias desta época tiñan preferentemente carácter agrícola. Posteriormente, e en relación directa co desenvolvemento da produción mercantil e do comercio marítimo, o tipo primitivo de colonias transformouse, adquirindo un carácter agrícola-comercial: unha parte da súa poboación seguiu dedicándose á agricultura, pero xa con vistas á venda da produción, mentres outra parte se dedicaba ás actividades artesanais, mercantís e comerciais.

21. Indica o tema central do texto, nunha soa liña.

22. Cales foron as causas da colonización grega?

23. En que baseaban a súa economía as colonias gregas?



Labrego arando, terracota
do s. VII a. C.



Trirreme, nave con tres
filas de remos, que acadaba
grande velocidade



24. Seguen existindo colonias na actualidade? Pon algún exemplo, dicindo a que país pertencen. Di as diferencias entre unha colonia grega e unha colonia do século XX.

25. Explica o significado da frase «unha parte da súa poboación seguiu dedicándose á agricultura, pero xa con vistas á produción», que tipo de agricultura se practicaba antes? Como se denominaba?

26. Cres que a escaseza de terras segue sendo unha causa de emigración?. Razoa a túa resposta e pon exemplos, se é o caso.

27. Sinala do mapa do imperio romano as principais colonias gregas: Magna Grecia, Sicilia, Siracusa, Ampuries, Marsella, Mainake.


28. Di como se denominaban este tipo de esculturas a que época pertencen e para que servían.



GRECIA CLÁSICA

29. Lee os seguintes textos:

A) *“Non se autorizaba ó seu proxenitor criar ó recén nado, senón que o debía levar a certo lugar chamado lesca onde os máis anciáns dos membros da tribo examinaban ó cativo e, se era robusto e forte, daban orde de crialo, tras asignarlle un lote dos nove mil. Pero se era esmirrado e informe, enviábano cara un lugar barrancoso polo Taixeto. (...) ao cumprir os cinco anos distribuíanse en grupos, e facéndoos camaradas na comida e na educación, acostumábanos a xogar xuntos no tempo de ocio os uns cos outros. (...) Letras, en realidade, só aprendían par saír adiante, mentres que toda a restante educación estaba orientada á total obediencia, a ter firmeza nas fatigas e a vencer nos combates. (...) Conseguen leña e comida roubando, (...) pero se un é sorprendido recibe numerosos lategazos, xa que se supón que rouba sen destreza. Tanto coidado poñen os nenos nos seus roubos que contan dun*




Carreira de mulleres
 (En Esparta a muller
 recibía unha formación
 similar ó home)

que roubara unha cría de raposo e a levaba cuberta coa súa túnica e que malia que o animal estaba a rabuñalo coas unllas e cos dentes, morreu a pé firme con tal de que ninguén se decatase."

Plutarco, *Vida de Licurgo*

B) *Temos un réxime de goberno que non cobiza as leis doutras cidades, senón que máis somos exemplo para outros que imitadores dos demais. O seu nome é democracia, por non depender o goberno duns poucos, senón da maioría. De acordo coas nosas leis todo cidadán está en situación de igualdade de dereitos no privado, mentres, conforme á sona de cadaquén, segundo a opinión pública, pode resultar elixido para a xestión dos asuntos públicos, non tanto en función da súa clase social, senón polo seu mérito; e se alguén é capaz de facer algún ben á cidade, ninguén llo ha de impedir, anque sexa pobre.*

Tucídides, *Historia da guerra do Peloponeso II*, 37



Asemblea ou ekklesia en
Atenas

30. Resume nunha liña o contido de cada un dos textos.

31. A que modelo de polis fan referencia cada un dos textos?

32. No texto A ¿quen se encargaba da educación dos nenos? ¿quen son hoxe en día os responsables da túa educación?. Explica as vantaxes e desvantaxes destas dúas formas de educar.

33. Cal era o obxectivo da educación que recibían os nenos no texto A? Cales pensas que son os obxectivos da educación que recibes?

34. O texto A, do historiador Plutarco (s. I d. C.), fai referencia á vida e feitos de Licurgo. Busca información sobre este personaxe e di quen foi e en que época viviu.

35. O texto B, do historiador Tucídides, recolle un discurso pronunciado por Pericles en honor dos primeiros mortos da Guerra do Peloponeso. Algúns estudiosos din que as súas importantes reformas estaban inspiradas pola súa muller, averigua quen foi.

36. Consulta nun diccionario etimolóxico (o da RAE), a etimoloxía de democracia.



Pericles




37. Cales son as características principais da forma de goberno descrita no texto B?

38. Completa o seguinte cadro buscando órganos de goberno de Esparta e Atenas semellantes aos da España actual.

Esparta	Atenas	España
		Senado: aproba leis
		Congreso de Diputados: representa ao pobo, aproba leis, elixe ao presidente de goberno.
		Consello de ministros: dirixe a política interior e exterior e executa os acordos do parlamento (=Senado + Congreso)

39. Quen podía participar e quen non na política segundo o texto B? Observa o seguinte cadro e comenta o concepto de democracia.





40. Que pobos se enfrontaron nas guerras Médicas? Quen resultou vencedor? Recordas algunha batalla famosa, como a que se narra na película 300?

41. Repasa que era a Liga Délica ou Confederación Ateniense. Cres que hoxe hai algunha alianza militar semellante á Liga Délica? Razoa a túa resposta.

42. ¿Cal é o século de ouro de Atenas? ¿Que outro nome recibe e por que?

43. Observa a fotografía da esquerda. Pericles remodela esta parte de Atenas. Como se chama e por que?

44. Que nome recibían estes edificios? Cal era a súa función? A quen estaban dedicados e por que? Como se chaman as columnas con forma de muller do segundo?



45. Di que representan estas tres esculturas e que nome reciben. Compáraas coas do exercicio 28 e di as diferencias entre as esculturas de ámbalas dúas épocas e os seus principais trazos.



46. Causas, partes belixerantes, resultado e consecuencias da guerra do Peloponeso.



Guerra do Peloponeso

GRECIA HELENÍSTICA

47. Resume en dúas liñas a obra ou o papel de Alexandre magno na Historia de Grecia.

48. Busca algún cotilleo sobre Alexandre: con cantas mulleres casou e quen foi o seu auténtico amante.


49. Cal é forma de goberno da época helenística?

50. Sitúa no mapa do Imperio Romano as seguintes cidades: Alexandría, Pérgamo, Antioquía, Rodas e Éfeso.

51. Por que se destacaron estas cidades?

52. Coñeces algún monumento famoso destas cidades, considerado como unha das 7 Marabillas do Mundo polos antigos?

53. Compara estes dous retratos e di a que épocas pertencen e por que.



Alexandre vencendo aos persas na batalla do Issa (mosaico)






54. Cando é dominada Grecia polo Imperio Romano?

55. Cal foi o último reino helenístico en caer baixo o Imperio Romano? Este reino estaba gobernado por unha fermosa raíña da dinastía dos Ptolomeos, como se chamaba esta raíña? Con que personaxes romanos tivo amoríos?



ROMA MONARQUÍA

1. Sitúa no mapa do Imperio Romano Etruria, Lacio e Roma.
2. Que representa esta imaxe? A que historia fai alusión?



3. Esta imaxe representa o rapto das Sabinas. Investiga que fixeron as mulleres neste episodio lendario das orixes de Roma.

ROMA REPÚBLICA

4. Etimoloxía do termo república. Pon exemplos de repúblicas actuais.
5. ¿Que significaban as siglas S.P.Q.R. que aparecen neste estandarte?
6. Sitúa no mapa Cartago, Mauritania, Cartago Nova, Numancia.
7. Que cidade está actualmente onde estaba a antiga Cartago?



Restos de Cartago

8. Os cargos públicos na República Romana denominábanse maxistraturas. Os maxistrados eran elixidos por un ano para desempeñalos e non recibían remuneración, polo que debían ser ricos. Debido a isto, os cargos denominábanse «honores», e os que querían facer carreira política debían empezar polo máis baixo, facendo o «cursus honorum». Completa o seguinte cadro das maxistraturas romanas.

Cargo	Función	Cargo actual equivalente	Función actual da antiga denominación romana, se existe aínda.
Cónsules	A máis alta maxistratura. Presidían a República Romana e eran comandantes do exército. Eran dous e exercían o poder conxuntamente		
Pretores	Administraban a xustiza, podían propor leis.		_____
Edís	funcionarios encargados dos asuntos da cidade e a orde pública,.		
Cuestores	administraban a facenda pública: fixaban impostos, gastos públicos, confiscaban bens, soldo das tropas...		_____
Cargos fora do "cursus honorum"			
Censores	Cada 5 anos facían o censo dos habitantes e os seus bens.		
Tribunos da plebe	defensores da plebe. Eran inviolables e os patricios estaban excluídos.		_____
Cargo "extraordinario"			
Dictador	Nomeado polo Senado entre os cónsules en situación extremas de perigo. A duración do cargo era de 6 meses.		



Lictores romanos, funcionarios que custodiaban aos maxistrados, portando os "fasces".



Propaganda electoral en Pompeia


Cónsules: Dirixían el ejército y tomaban la mayor parte de las decisiones. En épocas de peligro nombraban a un dictador, el cual gobernaba con poderes ilimitados.

Pretores: administraban la justicia.

Ediles: administraban el abastecimiento de la ciudad.

Cuestores: cuidaban los recursos del Estado.

Censores: vigilaban las costumbres y elaboraban los censos de la población.



Magistraturas romanas durante la República.



9. Se estes cargos non estaban pagados, por que cres que a un romano lle interesaba facer carreira política?

10. Están remunerados os cargos políticos que aparecen no cadro da páxina anterior hoxe en día?

11. Explica as diferencias entre un dictador romano e un dictador actual.

12. Investiga quen foi Cincinato, pareceche a súa actitude frecuente nos políticos que coñeces?



Cincinato abandona o arado para dictar leis, de J. A. Ribera

13. A palabra *currículo* é un diminutivo derivado de *cursus*. Busca no dicionario o seu significado e compárao co de *cursus honorum*.

14. Lee o seguinte texto:


Os romanos, a medida que sometían coa guerra ás distintas rexións de Italia, apoderábanse dunha parte do seu territorio (ager publicus) e fundaban nelas cidades, ou ben recrutaban colonos propios para envialos ás xa existentes. Consideraban estas colonias a modo de fortalezas, e da terra distribuían a parte cultivada entre os colonos (...); non así as terras sen cultivar (...). Os ricos acapararon a maior parte desta terra non distribuída, confiando en que non se lles despoñería dela e, comprobando en parte por métodos persuasivos, en parte apoderándose pola forza das propiedades lindantes e de todas as demais pequenas pertencentes a campesiños humildes, cultivaban grandes latifundios en vez de parcelas pequenas e empregaban escravos como agricultores e pastores, en previsión de que os traballadores libres fosen transferidos á milicia (...). Por estas razóns os ricos enriquecían ao máximo e os escravos aumentaban, en tanto que a escaseza e a falta de poboadores afixían aos pobos itálicos, decimados pola pobreza, os tributos e a milicia. E cando se vían libres destas calamidades, atopábanse en paro forzoso ao estar a terra en mans dos ricos que empregaban a escravos en lugar de homes libres.

Apiano, *Historia de Roma*



15. Cal é o grupo social beneficiado polo descrito no texto? razoa por que é así baseándote no estudio das clases sociais en Roma.

16. Por que podemos afirmar que o sistema económico romano era escravista?



17. Que é un latifundio e por que se caracteriza? que beneficios pensas que obtiñan os grandes propietarios romanos dos seus latifundios?

18. Cres que hoxe en día aínda pode haber explotacións da terra semellantes o modelo romano? Reposta razoando e pondo exemplos.

19. ¿Que significado tivo para o pequeno propietario a expansión militar? Coméntao con frases do texto.

20. ¿Que solución cres que adoptou o pequeno propietario ante esta situación?



Patricio romano
con «imágenes» dos
antepasados



Escravos pisando uvas,
s. II a.C.



Pastor ordeñando unha
cabra, s. II a.C.

21. Le o seguinte texto:

Tiberio Sempronio Graco, home nobre, ambicioso, hábil de palabra e moi coñecido por todos (...) mentres era tribuno da plebe, pronunciou un discurso solemne, en ton de reproche, con relación á raza itálica, porque un pobo tan valente na guerra e unido por vínculos de sangue se estaba agostando aso poucos debido á indixencia e á falta de poboación. Amosou o seu descontento coa horda de escravos por estimalos inútiles para a milicia e xamais dignos de fiar (...) ao ir aumentando o seu número por esixencias da agricultura (...).

Despois (...) renovou a lei de que ninguén posuíse máis de 500 xeiras de terra² e que tres homes elixidos, alternándose anualmente repartirían o resto da terra³ entre os pobres.

E isto era o que máis amolaba ós ricos, o saber que xa non podían, coma antes, facer caso omiso da lei por causa da comisión distribuidora, nin tampouco comprar os lotes de terra aos seus adxudicatarios. Pois Graco previra tamén esa posibilidade e prohibira vender os lotes de terra.

Apiano, *Historia romana*

22. Busca información sobre o Tiberio Sempronio Graco do que fala o texto:


- A que tendencia política pertencía?
- Había algún membro máis desta familia destacado? (Non esquezas a súa nai!)

23. ¿Que importante lei tentou levar a cabo Graco? Por que cres que prohibira vender a terra adxudicada?

24. Fracasou ou triunfou Graco na súa empresa e por que? Cal foi o seu fin?

25. Os tribunos da plebe eran os maxistrados que velaban polos dereitos dos plebeos. Cres que no noso sistema político pode haber algún cargo inspirado nesta antiga maxistratura romana?

26. Quen foi Espartaco?



² Unhas 15.000 hectareas

³ A terra a repartir era unicamente a do *ager publicus*.

27. Bandos belixerantes nas guerras púnicas, en que época se desenvolveron. Quen resultou gañador? Cal foi a consecuencia máis importante para o vencedor?

28. Quen foi Aníbal?

29. Que foi o triunvirato? Por quen estaba formado?

30. Por que foi asasinado Xulio César?



Aníbal

ROMA IMPERIO

31. Sitúa no mapa do Imperio Romano as seguintes provincias: Hispania, Gallias, Xermania, Britania, Retia, Panonia, Dalmacia, Dacia, Macedonia, Asia, Siria, Xudea e Exipto.

32. Quen ostentaba o poder no Imperio? Que nome recibía e por que?



Asasinato de X. Cesar, nos
Idus de marzo do 44 a.C.

33. Le con atención os seguintes textos:

A) **Discurso dun legado (enviado) do emperador Vespasiano ante os galos rebeldes:**

Non faltaron guerras no territorio galo ata que chegastes a vivir baixo as nosas leis. E nós, tantas veces feridos polas vosas provocacións, non usamos dos dereitos que nos daba a nosa vitoria máis que para cargar os vosos ombros cun único fardo suplementario: aquel que debe permitirnós asegurar a paz. Sen exércitos non hai tranquilidade no seo das nacións, sen salario non hai exército; e non pode haber salarios sen tributos. Para todo o demais formades parte da comunidade: moitas veces incluso mandades as nosas lexisións; estas provincias (...) gobernádelas vos mesmos. (...). Se os romanos fosen expulsados (...) ocorrería unha guerra universal entre as nacións.


Tácito *Historias*

B) **Arenga do xefe britano Calgaco ás súas tropas preparadas para loitar:**

(Os romanos...) Saqueadores do mundo cando lles faltaron terras a eles, que todo devastan, escrutan o mar. Si o inimigo é rico, móstranse cobizosos; si é pobre, despóticos; nin o Oriente nin o Occidente conseguiron sacialos; só eles desexan vivamente por igual as riquezas e a escaseza. A roubar, asasinar, e asaltar chaman con falso nome «imperio», e paz a sementar a desolación.

A natureza quixo que a cada quen lle sexan moi queridos seus fillos e parentes. Os nosos son arrebatados, mediante recrutamento para servir noutro lugar; as súas mulleres e irmás, se escaparon á luxuria dos inimigos, son violadas baixo o nome de amigos e hóspedes. Arríncannos os bens e a fortuna polo tributo, o campo e a colleita anual para abastecerse de gran, os mesmos corpos e mans son esnaquizados entre lategazos e insultos para facer accesibles os bosques e os pantanos.

Tácito, *Agrícola*



*Impedimenta dun
lexionario*



*Ara Pacis Augustae,
construída para
conmemorar a paz, s.Ia.C.*

34. Que territorios habitaban os galos? con que país ou países se corresponden actualmente?

35. Coa axuda dos apuntes deduce en que época tivo que ocorrer a rebelión dos galos da que fala o texto A.

36. ¿Que territorios habitaban os britanos? Con que se corresponden actualmente?

37. Resume nunha ou dúas liñas o concepto de romanización segundo o texto A e segundo o texto B.

38. A que se deben estas visións tan opostas?

39. Cal era a finalidade dos tributos segundo o texto A?

40. Como ven os pobos sometidos estes tributos segundo o texto B?

41. É o mesmo o concepto de paz nos dous textos?





42. Busca nos dous textos vantaxes e desvantaxes da romanización para os pobos sometidos.

43. Comenta a seguinte frase pronunciada polo legado romano: «Sen exércitos non hai tranquilidade no seo das nacións». Di se estás de acordo ou en desacordo. Cres que é posible un mundo sen exércitos?







44. Cando e con quen acada o Imperio Romano a súa máxima extensión?
45. Que nova capital crea o emperador Constantino e cando? Sitúaa no mapa.
46. Cando se separan o Imperio Romano de Oriente e o de Occidente? Sitúa no mapa a liña divisoria dos dous imperios.
47. ¿Cando caen cada un dos dous imperios? ¿Con que outro nome se coñece o Imperio romano de Oriente?
48. Cales son as principais aportacións dos romanos á arquitectura?.

49. Di con que edificios se corresponden as seguintes plantas:



50. Identifica as seguintes obras de arquitectura romana e di cal era a súa función





PENÍNSULA IBÉRICA

1. Sinala no mapa da península os seguintes pobos prerromanos: iberos, celtas, celtiberos, vascóns e as colonias de Gadir, Rhode, Emporion e Cartago Nova. (Das colonias sinala as fenicias con ▲, as gregas con ● e as cartaxinesas con ★)



2. ¿Por que chegan os romanos a península Ibérica?

3. Le con atención os seguinte textos:

O ouro atópase en pebidas nos ríos como o Tagus de Hispania (non existe outro máis puro, aparecendo pulido polo curso e fregue da auga (...))

Segundo opinión dalgúns, Asturia, Gallaecia e Lusitania subministran (...) 20.000 libras de ouro ó ano, pero a produción de Asturias é a máis abundante. Non hai parte algunha da terra onde se dea esta fertilidade durante tantos séculos.

Plinio, *Historia Natural*, XXXIII

Hai tamén estaño en moitos lugares de Iberia, pero non se atopa na superficie, como contan algúns nas súas historias, senón escavando e fundindo como o ouro e a prata. Hai moitas minas de estaño máis arriba da rexión dos lusitanos nas illas situadas en fronte de Hispania, no Océano, que por isto se chaman Casitérides⁵

Diodoro, V, 38


4. Despois de ler estes textos, cres que os romanos tiveron algunha outra razón, ademais das defensivas, para seguir conquistando a península?

5. Coñeces algunha antiga explotación aurífera romana? Fíxate nas fotos da esquerda

6. ¿Que material se obtén da aliaxe do estaño co cobre? ¿Que podía fabricarse con este material?

7. Investiga cales poderían ser as lendarias illas Casitérides.

8. O autor do primeiro texto, Plinio o Vello, foi un destacado home de ciencia romano. Investiga que famosa catástrofe natural presenciou e como foi a súa morte.



Podes atopar este manga na biblioteca do instituto

⁵ "Kassíteros " (< κασσίτερος) en grego significa "estaño"

9. Le con atención o seguinte texto:

Faltos os numantinos de toda clase de alimentos, sen gran, nin gando nin herba, comeron primeiro (igual que outros xa fixeran en condicións similares) as peles cocidas; pero posteriormente, carecendo de peles, alimentáronse de carne humana; nun principio coa carne dos que morrían, que cociñaban en anacos, mais logo desprezando a dos enfermos, dedicáronse os máis fortes a matar aos máis débiles. Ningunha calamidade lles faltou: enfurecidos os ánimos por esta clase de alimento, pola fame e pola peste, as súas longas cabeleiras e o abandono dos seus corpos remataron por darlle un aspecto como o das feras. En tal situación puxéronse de novo en tratos con Escipión, quen lles ordenou que aquel mesmo día levasen as armas a un lugar convindo e que o día seguinte se presentasen eles ante noutro lugar; pero os numantinos aprazaron o cumprimento desta orde, confesando que moitos aspiraban aínda á liberdade, preferindo quitarse eles mesmos a vida; por iso pediron un día máis de prazo para poder dispor a súa morte. Os que quixeron quitáronse a vida da forma máis diversa. O resto presentáronse a Escipión cun aspecto horrible e absolutamente espantoso. Escipión elixiu a cincuenta deles para o seu triunfo, vendeu ós demais como escravos e arrasou a cidade.

Apiano, Iberia, 96

10. Que opinión che merece a actuación dos numantinos ao ser asediados polos romanos?

11. En que provincia española se atopa Numancia? Explica a expresión "defensa numantina"

12. O Escipión nomeado no texto pertencía a unha famosa familia de políticos e militares romanos. Cal era o nome completo do Escipión que arrasou Numancia?

13. Que opinas da actuación de Escipión, unha vez rendida a cidade? Cres que podería darse unha situación semellante na actualidade?

14. Le con atención os seguintes textos:

Din que os lusitanos son hábiles nas emboscadas e exploracións, espelidos, levan armamento lixeiro e son expertos nas manobras.

Estrabón, Xeografía, III, 6

Movidos todos por estas palabras, elixiron xefe a Viriato. Este colocou a todos os homes de fronte, como en disposición de combate, ordenado que, ao montar el no seu cabalo, se dispersasen por moitas partes e escapasen como puidesen e por diversos camiños ata a cidade de Tribola e que alí o esperasen (...) Cando calculou que os demais se atopaban xa a salvo, saíndo ao abrigo da noite por camiños agochados e servíndose da lixeireza dos seus cabalos, chegou á cidade de Tribola sen que os romanos puidesen seguilo polo peso das súas armas, o descoñecemento do terreo e a desigualdade dos seus cabalos.

Apiano, Iberia, 62



Último día de Numancia,
J. Alsina



Restos de Numancia, s.
II a. C.



Triunfo romano



Arco de Berà
Tarragona



15. En que consistía a táctica militar de Viriato? ¿Por que era efectiva contra o exército romano?



Morte de Viriato, de J. Madrazo


16. Cres que hoxe en día funcionarían as tácticas para combater a un exército poderoso? Pon exemplos.

17. Investiga cal foi o final de Viriato

18. Di que factores contribuíron á romanización da península e explícaos.

19. Completa o seguinte cadro de topónimos e xentilicios de orixe latina seguindo o exemplo, axudándote co mapa e coa rede, se é preciso. (Algún lugar ten dous xentilicios: un culto e outro vulgar, sinálaos, se os sabes)

NOME ROMANO	NOME ACTUAL	XENTILICIO
ASTURICA AUGUSTA	Astorga	Asturicensenses
BILBILIS		
CALAGURRIS		
EMERITA AUGUSTA		
GADES		
GERUNDA		
HISPALIS		
ILERDA		
ILICI		
LUCUS AUGUSTI		
MALACA		
ONUBA		
TARRACO		




20. Busca o maior número posible de topónimos que leven o sobrenome de Augusta/-i. A quen se debía este sobrenome e por que?

21. Observa como se construía unha calzada romana e mira o resultado na fotografía. Cantos anos pode ter esa vía? Como pensas que estaría algunha das nosas carreteras despois dese tempo?



Pompeia, Via da Abundancia





22. Divide a península en provincias segundo a división de Diocleciano. ¿Que cambios fixo este emperador con respecto á división de Augusto?



NOROESTE PENINSULAR

1. Le con atención o seguinte texto.

Todos os montañeses son austeros, beben normalmente auga, dormen no chan e deixan o cabelo longo, como as mulleres, pero cinguido na fronte cunha fita (...) Fan tamén competicións ximnásticas, de hoplitas⁶ e hípicas exercitándose para o puxilato, a carreira e o combate. Os montañeses viven durante dous tercios do ano de landras que, secas e machucadas, moen para facer un pan que se conserva durante un tempo. Coñecen tamén a cervexa. O viño bébeno en raras ocasións, pero o que teñen consúmenno axiña nas grandes festas familiares. Usan manteiga en vez de aceite. Comen sentados en bancos construídos arredor das paredes, situándose segundo a idade e o rango. A comida pásase en círculo e á hora da bebida danzan en coro ao son da frauta e trompeta, pero tamén dando saltos e agachándose e, en Bastetania, danzan tamén as mulleres xunto cos homes collidos da man.

Todos os homes visten de negro, saios a maioría, cos que se deitan en leitos de palla. Utilizan vasos de madeira, igual que os celtas. As mulleres van con vestidos e traxes floreados. En vez de moeda, os que viven no interior fan trocos de mercadorías ou cortan anacos de prata. Aos condenados a morte despénanos e os parricidas lapídanos máis alá das montañas e dos ríos. Casan coma os gregos. Aos enfermos, como na antigüidade os exipcios, expóñenos nos camiños para seren curados polos que sufriron unha doenza semellante. Para a navegación por mar e polos pantanos usaban, ata a época de Bruto⁷, barcas de coiro, pero hoxe en día incluso as talladas a partir dun so tronco son xa raras. O seu sal é avermellado, pero branco unha vez moído⁸. Así é a vida destes montañeses, que como xa dixen son os que moran no lado setentrional de Iberia: galaicos, ástures e cántabros ata chegar ós vascóns e ao Pirene⁹, pois a vida de todos eles é semellante.(...)

Pero a súa ferocidade e salvaxismo non se deben só ó andar guerreando, senón tamén ao apartado da súa situación; pois tanto a travesía por mar como polos camiños para chegar ata eles son longos e debido á dificultade nas comunicacións perderon a sociabilidade e os sentimentos humanitarios. Actualmente padecen en menor medida isto gracias a paz e á presenza dos romanos.

Estrabón, *Xeografía*, III, 8

2. Estrabón, como grego romanizado, observa estes pobos e describe todo aquilo que lle resulta chocante e diferente da cultura romana e grega. Coloca no cadro da esquerda os costumes dos indíxenas e no da dereita deduce cales serían os romanos seguindo o exemplo:

Costumes dos indíxenas do NO da Península	Costumes dos Romanos
Son austeros, só beben auga	Beben viño, auga, leite, hidromel..
Dormen no chan	Dormen en leitos

⁶ hoplitas: soldados gregos de infantería pesada. Exercitarse como os hoplitas é adestrar co peso das armas e armadura.

⁷ Décimo Xunio Bruto, de sobrenome "Callaicus", conquistou o sur da Gallaecia entre o 139-136 a. C.

⁸ pode referirse ao sal das minas de Cabezón de la Sal, en Santander.

⁹ Pirene: Pirineos ia entre o 139-136 a. C.



Danza Bastetana,
(íberos) s. V a. C.



Ponte sobre o río Bibei
(Provincia de Ourense)




3. Que pobo parece máis civilizado, os habitantes do NO da Península Ibérica ou os romanos? ¿Por que?

4. Que vantaxes lle aportou a estes habitantes a romanización, segundo Estrabón?

5. Que vantaxes lle aportou aos romanos conquistar o Noroeste de Iberia? Se non te lembras, podes reler o texto de Plinio, na páx. 28



6. En que localidade de Galicia se conmemora o episodio do paso do río Limia pola lexións de Décimo Xunio Bruto no 137 a. C.?




7. A imaxe mostráanos un dos procedementos para a extracción do ouro da Gallaecia.

- Como se chama este procedemento?

- En que lugar se usou?

- Comprendían os mesmos territorios a actual Galicia e a antiga Gallaecia?



Montefurado, en Quiroga (Lugo), outro método de explotación aurífera

8. ¿Que función cumprían as vías de comunicación romanas?

9. Cal eran os poboados característicos da época castrexa? ¿Coñeces algún destes poboados? Trata de localizalos no mapa da páx. 11.

10. ¿Por que na foto do Castro de Baroña unhas casas teñen planta cadrada e outras circular?


11. ¿Que eran as *villae*?


12. Menciona a lo menos cinco topónimos galegos que deriven da palabra *villa*.



Petróglifos do Castriño de Conxo

MAPA DO IMPERIO ROMANO




[illegible]

APUNTAMENTOS

HISTORIA ANTIGA



DTO DE CLÁSICAS
IES EDUARDO PONDAL



BIBLIOGRAFIA

- *¿Qué sabemos de los Romanos?* M. Corbiseley.
- *Alrededor del Mediterráneo, los romanos*, Ch. Guittard
- *Cultura clásica*, libros de texto ed. Rodeira, ed. EDEBÉ
- *Detectives de la Historia, los romanos*. Ph. Ardag
- *El Imperio romano*, S. McMcKeever.
- *El periódico de grecia*, A. Powell.
- *El periódico de Roma*, A. Langley
- *En el país de los dioses, los griegos*. S. Descamps

HISTORIA ANTIGA

GRECIA

1. IDADE DO BRONCE. S. XIX-XII a. C.
2. ÉPOCA ESCURA. S. XI-IX
3. ÉPOCA ARCAICA. S. VIII-VI a. C.
4. ÉPOCA CLÁSICA. S. V-IV a. C.
5. ÉPOCA HELENÍSTICA. S. III-I a. C.

ROMA

1. MONARQUÍA. S. VIII-VI a. C.
2. REPÚBLICA. S.V-I a.C.
3. IMPERIO. S. I a.C.-V d.C.

A PENÍNSULA IBÉRICA

1. A PENÍNSULA ANTES DA CONQUISTA ROMANA. II MILENIO a. C-S.II a.C
2. A HISPANIA ROMANA. S. II a. C.-S. V d.C

O NOROESTE PENINSULAR

1. PREHISTORIA. ATA O S. VII a. C.
2. IDADE DO FERRO. A PARTIR DO S. VII a C.
3. A DOMINACIÓN ROMANA. S. II a. C.- S.V d.C.



- *En tiempos de los romanos*, P. Miquel
- *La antigua Grecia*, Anne Pearson
- *Los Griegos*, B. Rogora
- *Los romanos* B. Rogora
- *Na Grecia de Pericles*, Fiona McDonalds
- *Revista de la Historia*, Alejandro Magno
- *Revista de la Historia*, Julio César

WEBS

- Wikipedia
- <http://www.chironweb.org>
- <http://aspasiamelide.blogspot.com>
- <http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium>
- www.artehistoria.com
- www.culturaclasica.com
- www.culturaclasica.net